

Birmingham, 17 de febreiro de 1916

Querida irmá:

Sinto non ter respondido antes a túa carta, xa que a súa entrega retrasouse, pero agora que acabo de lela, non tardo en responderche. Aquí os tiros e as explosións son incesantes, teño pouco tempo libre e a maioría del estamos sacando mortos das trincheiras. Pero non quero desagradarte co que aquí estou a vivir. Espero que estedes todos ben. ¿Cómo está papá? Xa sei que está moi grave, pero no medio deste inferno aínda teño a fé posta en que se eu non saio vivo el polo menos se chegue recuperar. Acordaste de Charles, que foi o que me acompañou durante todo este tempo, disparáronlle na cabeza mentres se asomaba pola trincheira e cada vez que reproduzo aquela imaxe véñenseme lágrimas aos ollos, pero esta guerra é así. Estou farto deste inferno, quero que acabe xa! Durmo pensando no son dese silbato que a todos nos pon os pelos de punta, que nos manda saír das trincheiras, onde te sentes un pouco máis seguro que en todos os demais lugares, para adrentarte nunha morte case segura. Teño sorte de estar vivo e espero poder volver a vovos dentro de pouco, dalles unha forte aperta ao resto da familia e dilles que estén tranquilos que poderán volver a verme dentro de pouco ou polo menos que espero que así sexa.